

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS NO ANO 2022.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E DA IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formaliza xunto coa entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2022. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o desenvolvemento deste programa que ten como finalidade a prestación de apoio ás familias formadas por unha única persoa proxenitora con fillos e fillas menores ao seu cargo, mediante o establecemento de accións específicas cuxo obxectivo é o de potenciar a autonomía das familias monoparentais, favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, a súa asistencia a actividades de formación laboral e/ou formación continua, posibilitar o autoemprego, promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional e previr situacións de risco social e axudar á crianza dos nenos e nenas favorecendo a súa socialización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro que ten entre as súas funcións a defensa das familias na súa integridade e das familias monoparentais en particular, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela é unha das entidades con máis representatividade nas labores de carácter social da Comunidade Autónoma. En particular, o programa obxecto da colaboración pon o foco no colectivo de familias monoparentais. Esta especialidade á que se dirixe a acción fai que só a través desta entidade se podan alcanzar os obxectivos que pretende a Consellería de Política Social de intervención neste colectivo. Así, esta circunstancia fai que a canle máis idónea para tramitar a subvención sexa a vía de excepción da concesión directa, prevista no artigo 19.4 letra c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

A experiencia continuada de Cáritas no desenvolvemento de programas sociais con familias monoparentais e o seu elevado coñecemento da súa problemática reforzan a idoneidade da canle do convenio. Esta entidade ven desenvolvendo o programa dende o ano 2001, prestando un apoio específico, cualificado, personalizado e integral ás familias monoparentais no seu itinerario de inclusión laboral e na necesidade de apoio familiar.

A devandita entidade é a única que desenvolve o programa de apoio ás familias monoparentais cunhas características específicas na cidade de Santiago de Compostela e conta cun centro da súa titularidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre

